



## Concello de Xermade

### Decreto

#### **Asunto: aprobación modificación bases campamento Nadal 2018. Expte. 91/2018.**

Vistas as bases xerais de funcionamento e acceso ao campamento infantil de verán e nadal de Xermade, que foron asinadas pola Alcaldía o 08.02.2018 e publicadas na páxina web do concello, sendo aplicadas para a admisión de solicitudes ao campamento de verán de Xermade celebrado en agosto de 2018.

Considerando o acontecido no campamento de verán, no que quedaron excluídos nenos/as empadronados no municipio, procede a modificación das bases, tendo en conta o informe emitido pola secretaria municipal o 31/2018:

#### **“(…) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.-**

*Como cuestión previa, debe indicarse que a premura coa que a funcionaria que subscribe debe emitir o presente informe supón unha limitación respecto do análise do expediente, limitándose o acceso aos documentos que constan no expediente electrónico 73/2018, no que non constan as solicitudes dos participantes. Esta documentación foi analizada pola funcionaria que tramita o expediente, Sra. Vilaboy Romero, educadora familiar do Concello de Xermade.*

*Entrando xa na análise as alegacións presentadas pola Sra. Pumares, debe indicarse que o procedemento de admisión réxese unicamente polas bases publicadas (que non aprobadas, xa que non consta Resolución da Alcaldía de aprobación das mesmas), que son as coñecidas polos interesados.*

*As bases unicamente prevén un criterio de admisión, no seu punto oitavo: “As persoas participantes serán admitidas por rigoroso orde de inscrición no Rexistro de Entrada do Concello de Xermade”.*

*Non obstante, na listaxe provisional tivéronse en conta criterios distintos, á vista de que o número de solicitantes era maior que as prazas vacantes. Estes criterios de admisión consideráanse axeitados para acadar a finalidade da actividade, cal é a conciliación familiar, con prioridade dos empadronados no municipio; non obstante, non se aprobou unha modificación das bases, polo que **debe acollerse a alegación da Sra. Pumares, modificando a listaxe para adecuala ao criterio da orde de presentación no Rexistro.***

*Dado que as bases rexen non só a admisión no campamento de verán, senón tamén no de Nadal, recoméndase a súa modificación, introducindo os criterios de admisión indicados (prioridade dos empadronados, situación laboral dos proxenitores e, en caso de que queden vacantes, ter en conta a orde de inscrición de quen non cumpre as dúas condicións anteriores).*

*Debe indicarse tamén que as bases adolecen doutras deficiencias que procede subsanar, xa que non se establece prazo de alegacións, por poñer un exemplo. Non consta informe xurídico previo á aprobación (reitero que tampouco foron aprobadas) das bases publicadas. A pesares de non ser preceptivo, recoméndase a súa fiscalización pola Secretaría-Intervención municipal, a fin de garantir que se respecta a legalidade.*

*Esto é canto teño a ben informar, sen prexuízo doutro criterio mellor fundado en dereito, en Xermade, na data indicada á marxe.”*

Pola educadora familiar se emitiu proposta de modificación das bases en data 29.11.2018, que se transcribe literalmente:

#### **“Proposta de Modificación das bases de acceso ao campamento de Nadal 2018**

Os campamentos de entroido, verán e nadal do Concello de Xermade son incluídos no proxecto “Xermade concilia”, medida de conciliación validada pola Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e cofinanciada pola Secretaría Xeral da Igualdade e o concello de Xermade.

Tendo en conta que os campamentos de Xermade son actividades de conciliación familiar, que teñen unhas prazas determinadas que en ocasións se completan tanto con nenas e nenos deste concello coma doutros concellos distintos, fórmulase proposta de modificación das bases de acceso co gallo de que haxa uns criterios xustos e ordeados para a admisión na actividade no caso de que o número de solicitudes exceda ao número de prazas ofertadas.

## Concello de Xermade



## Concello de Xermade

Propónse a modificación das bases que se indican:

### 7. Destinatarias:

Nenas e nenos empadroadas/os no concello de Xermade, de entre 3 e 16 anos cumpridos antes do primeiro día do prazo de solicitude. No caso de haber vacantes poderán participar nenas/os doutros concellos. Existe un máximo de 50 prazas.

### 8. Procedemento de admisión:

Aplicaránse os seguintes criterios para a adxudicación das prazas:

1º Tendo en conta que é unha actividade organizada e cofinanciada polo concello de Xermade, sendo gratuita para as persoas participantes, considérase que deben ter prioridade as nenas e nenos empadroadas/os no concello de Xermade.

Se aplicando o criterio anterior, hai máis solicitudes que prazas, aplicarase un procedemento de valoración consonte ás variables indicadas na Táboa 1.

<b>Táboa 1</b>	
Variables a ter en conta para a baremación (coa correspondente acreditación)	Puntuación
Proxenitor/a con situación de alta laboral*	5
Por cada irmá ou irmán con solicitude no servizo	1
Proxenitor/a en situación de desemprego*	2
Familia monoparental (segundo Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia)	2
Familia numerosa	1
Membro familiar con discapacidade*	1

Os nenos/as que non resulten admitidos/as, formarán parte dunha listaxe de agarda, con cargo á cal se cubrirán as vacantes que se produzan no transcurso do campamento.

Neste último caso, non se baremarán as solicitudes dos nenos/as non empadroados/as.

2º De existir prazas vacantes, unha vez aplicados os criterios de preferencia sinalados no apartado 1º, poderán acceder nenos/as doutros concellos.

Para o caso de que haxa máis solicitudes que prazas vacantes, aplicarase un procedemento de valoración consonte ás variables indicadas na Táboa 2.

<b>Táboa 2</b>	
Variables a ter en conta para a baremación (coa correspondente acreditación)	Puntuación
Proxenitor/a con situación de alta laboral*	5
Por cada irmá ou irmán con solicitude no servizo	1
Neno/a matriculado/a no CEIP de Xermade	1
Proxenitor/a ou titor/a con posto de traballo en Xermade	1
Proxenitor/a en situación de desemprego*	2
Familia monoparental (segundo Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia)	2
Familia numerosa	1
Membro familiar con discapacidade*	1

Os nenos/as que non resulten admitidos/as, formarán parte dunha listaxe de agarda, con cargo á cal se cubrirán as vacantes que se produzan no transcurso do campamento.

Non se terán en conta as solicitudes sen a correspondente acreditación documental.

\*No caso das familias monoparentais adxudicaráselles a puntuación do epígrafe correspondente computado por dous.

Constituirase no Concello de Xermade unha Comisión de baremación e seguemento coa seguinte composición:

Presidente/a: Alcalde

Secretaria: a do concello de Xermade ou en quen delegue

## Concello de Xermade



## Concello de Xermade

---

*Vogais: persoal técnico dos servizos sociais comunitarios ou persoa en quen delegue.*

*Competencias desta Comisión:*

- *Velar polo cumprimento das bases no proceso de ingreso.*
- *Velar pola aplicación do baremo no proceso de admisión.*
- *Facer pública a relación provisional, coa puntuación obtida de admitidos/as e excluídos/as. Esta relación expoñerase no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica.*
- *Procedemento de baixas.*

**9. Lista provisional:**

*A listaxe provisional de admitidas publicarase no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica do concello. Concederase un prazo de 5 días hábiles para a presentación de reclamacións.*

**10. Lista definitiva:**

*Rematado o prazo de reclamacións á listaxe provisional publicarase a listaxe definitiva e a listaxe de agarda, se fora o caso. No suposto de que se produzan vacantes e se atope esgotada a listaxe de agarda, aceptaranse as solicitudes por orde de rexistro de entrada.*



## Concello de Xermade

---

### ANEXO I FICHA DE INSCRIPCIÓN CAMPAMENTO DE NADAL 2018

Data de inscrición:

#### DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (nai, pai, titor/a...)

Nome e apelidos:

DNI:

Dirección:

Teléfono de contacto:

Correo electrónico:

#### DATOS DA/O NENA/O PARTICIPANTE

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Idade:

Padece algunha enfermidade? \_\_\_SI \_\_\_NON

¿Cal?

¿Toma medicación?

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Idade:

Padece algunha enfermidade? \_\_\_SI \_\_\_NON

¿Cal?

¿Toma medicación?

#### HORARIO DA ACTIVIDADE

\_\_\_De 8:00 a 14:00 horas

\_\_\_De 11:00 a 14:00 horas

\_\_\_NON Autorizo

\_\_\_AUTORIZO á captación de fotografías, imaxes e rexistro de son daqueles eventos organizados polo concello de Xermade nos que apareza a nena/o, dentro do contexto desa actividade e con fins de difusión da mesma sen desvirtuar o seu significado nin o contexto no que foron captadas.

A Nai, Pai, Titor/a

Asdo: \_\_\_\_\_

Documentación Anexa:

- Fotocopia do Libro de familia e/ou título de familia numerosa
- Fotocopia do DNI dos pais/nais ou titores/as
- Fotocopias dos DNIs das persoas autorizadas para a entrega e recollida das/os nenas/os.
- Fotocopia do DNI do/a neno/a
- Fotocopia da tarxeta sanitaria da/o nena/o
- Declaración xurada de ingresos e ocupación (facilita modelo o concello).
- Volante de convivencia (no caso de ser de Xermade expedirase de oficio).
- Acreditación da situación laboral (activo ou desemprego): pode acreditarse a través da parte de arriba da última nómina
- Acreditación da condición de familia monoparental segundo a Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia

O que asino en Xermade, na data indicada á marxe.

---

## Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



## Concello de Xermade

---

A educadora familiar

Manuela Vilaboy Romero

(documento asinado dixitalmente)”

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal e de conformidade co artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar as bases xerais de funcionamento e acceso ao campamento infantil de verán e nadal de Xermade, introducindo as modificacións propostas pola educadora familiar o 29.11.2018.

**SEGUNDO.** Publicar o texto íntegro das bases na páxina web do Concello, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios para maior difusión.

O acorda e asina o Alcalde, Don Roberto García Pernas en Xermade, na data indicada á marxe, do que eu, secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

---

**Concello de Xermade**

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027